



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

GABINETE
TÉCNICO DE
Igualdade

Refraneiro galego

Capítulo III: Nin arre nin xo



CONFEDERACION
DE EMPRESARIOS
DE LA CORUÑA



Confederación de
Empresarios de Lugo



Confederación
empresarial de
Ourense



CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE PONTEVEDRA

Co financiamento de:



XUNTA
DE GALICIA



MINISTERIO
DE TRABAJO
Y ECONOMÍA SOCIAL

SERVICIO PÚBLICO
DE EMPLEO ESTATAL

SEPE

Refraneiro galego III

Serie tomando como “*soporte*” famosos refráns e expresións típicas de Galicia.

- Capítulo I: *Nunca choveu que non escampara*.
- Capítulo II: *Outra vaca no millo*
- Capítulo III: **“Nin arre nin xo”**

Aínda que a variante mais usada é a do título, realmente a expresión completa sería: **“Nin tanto arre que fuxa nin tanto xo que se deite”**, referíndose ás formas de berrarlle ás cabalarías para empurralas ou para que se deteñan (bestas, burras, mulas, etc., é dicir, équidos que se utilizan habitualmente para ir montado neles ou como animais de tiro).

Sería o equivalente á expresión en castelán “*ni tanto ni tan poco*”, que, segundo o refraneiro español, refírese á necesidade de non exaxerar nunha determinada afirmación (en calquera dos sentidos), ou ao desexo de que a evolución dos acontecementos non se polarice (nin nun sentido nin no contrario).

En resumidas contas, o que ven dicir esta expresión galega é que os extremos nunca son axeitados, que o ideal é un termo medio, sen exaxerar nin por riba nin por baixo.

É un modo de recordar (e advertir) que, ás veces, unha aproximación “*pendular*” do pensamento ou a realidade sobre un tema concreto, fai que se pase dun extremo ao outro dun modo un tanto automático, sen un punto de equilibrio que debería ter o proceso de razoamento.

Isto tamén aplica no principio de igualdade. En ocasións, unha mala comprensión (ou un mal uso) do principio de igualdade e non discriminación, ten levado a extremos absurdos.

Falemos con sentidiño: nin todo o mundo é machista, nin todas as políticas de igualdade tratan de favorecer só as mulleres.

Porque a igualdade é un tema demasiado importante para que se use en disputas (como poden ser as políticas), que non teñan como obxectivo a promoción da liberdade, a convivencia, o benestar para todos e todas.

Non é necesario “*pisarlle*” a igualdade a ninguén.

Se precisas apoio ou apoio técnico, podes contactar co noso Gabinete de Igualdade:

igualdade@ceg.es

981 555 888